

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE AGOSTO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:30 horas do día 6 de agosto de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 1 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^ª. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais:

D^ª. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica

D^ª Carmen Pintado García

D^ª. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

D^ª. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos punto 2.c)

D^ª María Dolores Loureiro Badá (asiste aos puntos 5.a; 6 b; 8 a); 9 a); e 10 a)

D. Rubén Pérez Correa

Secretaria: D^ª. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446) (Enmenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 29 de xullo de 2019, o 1 de agosto, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:



1. GARCIVENTA,S.L. (lotes 1,2,3 e 4): anexo VII ao PCAP “grupo de empresas”
2. SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote 4): anexo VII ao PCAP “grupo de empresas”

Durante o prazo concedido ó efecto so GARCIVENTA, S.L., presentou a documentación requirida, que é correcta. SALTOKI GRANOLLERS, S.L, non achegou ningunha documentación. No entanto, das declaracións dos outros licitadores dedúcese que os licitadores non pertencen ó mesmo grupo empresarial.

Á vista do exposto, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - GARCIVENTA, S.L.
 - SALTOKI GRANOLLERS, S.L.

b) Procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315)

A secretaria informa os membros asistentes a esta Mesa que durante o prazo de presentación de ofertas deste procedemento non se presentou ningunha, tal e como se desprende do certificado emitido polo Rexistro Xeral. En consecuencia, acordase por unanimidade propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315) por mor de non terse presentado ningún licitador durante o prazo de presentación de ofertas.”

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do servizo de apoio ao centro Municipal de drogodependencias CEDRO (expediente 2705-315)

Este punto retírase da orde do día por canto o procedemento quedou deserto.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (expediente 23.062-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, entrégase o informe de valoración do sobre B “proposición avaliábeil mediante xuízo de valor” asinado en data 31 de xullo de 2019 pola xefa do Servizo de Educación, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:30	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA642-EEB625-2FBFAF-3EH4RS-R7QL6G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (11.802-46)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Porcentaxe de desconto dos prezos unitarios			
	Lote I	Lote II	Lote III	Lote IV
GARCI VENTA, SL	25%	21%	25%	25%
SALTOKI GRANOLLERS, SL				35%

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non asiste público á sesión.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (expediente 23.062-332)

Con carácter previo o inicio da descriptación prodúcese un problema informático e acordase suspender a sesión dende as 12.15 ata as 12.45.

Unha vez reanudada a sesión, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Redución do prezo da parte fixa do contrato	Redución do prezo unitario hora (12,54€/h sen IVE) da bolsa de horas (máximo 900 horas anuais)
SERVICIOS SECURITAS, S.A.	113.000	9,75



SAMYL, S.L.	53.000	10,27
RANDSTAD PROJECT SERVICES	112.409,48	11,79
INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	97.813,73	10,45
MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.	33.812,25 *	7,85
ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.	115.125	12,30
DIMOBA SERVICIOS, S.L.	111.698,02	11,93
EULEN CEE, S.A.	79.500	9
GRUPO SIFU GALICIA, S.L.	120.293,04	11,39

Os licitadores SERVICIOS SECURITAS, S.A., SAMYL, S.L., RANDSTAD PROJECT SERVICES, GRUPO SIFU GALICIA, S.L., DIMOBA SERVICIOS, S.L. e ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A. non presentan presuposto desglosado do servizo.

A oferta económica do licitador GRUPO SIFU GALICIA, S.L., excede o presuposto base de licitación correspondente a parte fixa do contrato.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir do presente procedemento a GRUPO SIFU GALICIA, S.L., porque a súa oferta económica excede o presuposto base de licitación correspondente a parte fixa do contrato.
2. Requireir os licitadores SERVICIOS SECURITAS, S.A., SAMYL, S.L., RANDSTAD PROJECT SERVICES, DIMOBA SERVICIOS, S.L. e ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A., a achega do presuposto desglosado do servizo consonte ó previsto na cláusula 14.2.C e apartado 6.B da FEC do PCAP.
3. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non asiste público á sesión.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (expediente 22.985-332)

Entregase o informe da enxeñeira municipal, de data 26 de xullo de 2019, Informe sobre as xustificacións presentadas polo licitador JONAGAB ELEVADORES SL no asunto de referencia, cuxa oferta foi declarada con presunción de “anormal” ou “desproporcionada”, para acreditar se pode ser cumprida. O informe conclúe que “enténdese que a documentación presentada pola empresa non xustifica a oferta económica realizada”. En consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes acorda propoñer á Xunta de Goberno Local:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:30	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA642-EEB625-2FBFAF-3EH4RS-R7QL6G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“A exclusión de JONAGAB ELEVADORES SL do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (expediente 22.985-332) por conter a súa oferta valores anormais e non xustificalos coa documentación presentada tal e como esixe o artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público polo que non se pode garantir o cumprimento do contrato coa oferta económica realizada.”

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, entrégase o informe de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* asinado en data 31 de xullo de 2019 pola xefa do Servizo de Educación, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

Este informe retírase da orde do día para facer correccións.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:30	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA642-EEB625-2FBFAF-3EH4RS-R7QL6G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo
1	SCHINDLER S.A	33.105,60
2	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	33.861,80
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	35.335,87
4	ORONA, S. COOP.	38.054,60
5	ZADOYA OTIS, S.A.	64.069,79

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo VIII.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

Este punto retírase da orde do día.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdiccionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:30	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA642-EEB625-2FBFAF-3EH4RS-R7QL6G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



novo ingreso do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	María del Mar Villa, S.L.	74 puntos
2	Miguel Torres Álvarez	50 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MARÍA DEL MAR VILLA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC. Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G das FEC (“*certificación ou documento acreditativo semellante do Colexio Oficial de Procuradores no que conste que está inscrito como colexiado exercente*”).
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, María del Mar Villa, S.L. , o día 17 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 de xullo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar María del Mar Villa, S.L. ,como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por María del Mar Villa, S.L.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a María del Mar Villa, S.L. , aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdiccionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) coas seguintes condicións:

- *Propón un 12% de redución das contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes*
- *Comprometese a designar un procurador colexiado que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato:*
 - *Ana de la Corte Macías, Procuradora del ICPM, número 1205.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13.46 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:30	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA642-EEB625-2FBFAF-3EH4RS-R7QL6G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		